

## Concello da Capela

### ANUNCIO

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de **modificación da ordenanza reguladora da utilización do espazo coworking**, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de **vinte días hábiles** a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

|  |  |
|--|--|
| <b>Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa</b>            | -Adaptar a ordenanza existente ás novas circunstancias e casuísticas xurdidas despois de dous anos de funcionamento do espazo<br>- Potenciar a utilización do espazo coworking |
| <b>Necesidade e oportunidade da súa aprobación</b>                     | O inicio dun novo ciclo de traballo e asesoramento aos posibles emprendedores  |
| <b>Obxectivos da norma</b>   | Regular a utilización do espazo coworking e dar seguridade xurídica aos seus usuarios  |
| <b>Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias</b> | Ningunha   |

